

Praza número: 25/3002

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Comunicación Audiovisual e Publicidade

Departamento: Socioloxía e Ciencias da Comunicación

Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En A Coruña, ás 11:30 horas do 28 de abril, para cumprir os requisitos a que alude o artigo 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, constitúese a comisión que vai xulgar o concurso que arriba se indica, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incursos en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en situación que se poida cualificar de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023:

Presidencia: María Teresa Piñeiro Otero

Secretaría: Mónica López Golán

Vogal 1º: María Isabel Míguez González

Vogal 2º: Luis Xabier Martínez Rolán

Vogal 3º: Jorge Lens Leiva

Rep. Trab. (s/voto): Mónica Belén Fernández Suárez

Na Coruña, a 28 de abril do 2025

A presidencia da comisión

María Teresa Piñeiro Otero

Praza número: 25/3002

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Comunicación Audiovisual e Publicidade

Departamento: Socioloxía e Ciencias da Comunicación

Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na especialidade de coñecemento afín multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidade de coñecemento afíns as seguintes: Xornalismo.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/ libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Editorial académica recoñecida ou especializada no ámbito da Comunicación. Presenza en Scholarly Publishers Indicators-SPI (indicadores do mesmo ano ou posteriores ao ano de publicación). Ata 1 punto.
- Indicios de uso docente na universidade. Presenza do libro nun mínimo de 4 bibliotecas universitarias. Tomarase como referencia a rede REBIUN. Ata 1 punto
- Indicios de difusión académica e impacto no ámbito docente. Citas en Google Scholar ou Dialnet Métricas. Ata 1 punto
- Publicación claramente orientada ao ensino. Tomaranse como referencia o título, índice, colección ou editorial para esta definición. Ata 1 punto.

Praza número: 25/3002

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Comunicación Audiovisual e Publicidade

Departamento: Socioloxía e Ciencias da Comunicación

Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación

Non se terán en conta publicacións de actas de congresos. Á valoración deste mérito poderá aplicarse un coeficiente multiplicador de 0,5 no caso de libros onde a persoa candidata sexa -no canto de autora- coordinadora, editora ou similares. 0,7 se, ademais, asina un capítulo ou capítulos dun libro de máis de tres firmantes.

Asemade poderá integrarse un coeficiente multiplicador de 0,5 cando o número de firmantes sexa superior a catro.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Responsable de proxecto de innovación docente recoñecido por unha institución académica ou similar durante un curso académico, 4 puntos.
- Integrante de equipo de proxecto de innovación docente recoñecido por unha institución académica ou similar durante un curso académico, 2 puntos.
- Coordinación de grupos de innovación docente recoñecidos por unha institución académica durante mínimo dous anos e con calidade recoñecida. 4 puntos
- Coordinación de grupos de innovación docente recoñecidos por unha institución académica durante mínimo dous anos sen avaliación de calidade ou cunha valoración intermedia. 3 puntos
- Integrante de grupos de innovación docente recoñecidos por unha institución académica durante mínimo dous anos e con calidade recoñecida. 2 puntos.
- Integrante de grupos de innovación docente recoñecidos por unha institución académica durante mínimo dous anos sen avaliación de calidade ou cunha valoración intermedia. 1 punto.

No caso de que a duración destes méritos sexa inferior ao período sinalado, aplicarase unha valoración proporcional ao intervalo temporal acreditado.

A comisión poderá valorar como un único mérito, ou aplicar un coeficiente multiplicador de 0,5 a participación en proxectos de innovación docente que se leven a cabo nun mesmo curso nunha mesma materia.

Praza número: 25/3002

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Comunicación Audiovisual e Publicidade

Departamento: Socioloxía e Ciencias da Comunicación

Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Estadía internacional con actividade docente demostrada en universidade ou entidade equivalente de recoñecido prestixio cunha duración superior a un mes. Ata 2 puntos.
- Estadía nacional con actividade docente demostrada en universidade pública ou centro acreditado de recoñecido prestixio, cunha duración superior a un mes: Ata 1 punto.

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos).

Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: 1 punto para aquelas estadías, dentro do programa, de ata 5 días e 2 puntos para aquelas estadías superiores a un mes. Aplicarase unha valoración proporcional ao intervalo temporal acreditado.

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Premio nacional ou internacional á excelencia ou innovación docente, concedido por entidades, redes universitarias ou organizacións de recoñecido prestixio. 2 puntos.
- Premio á calidade, innovación ou boas prácticas docentes, outorgada por unha universidade pública ou privada recoñecida, a través dunha convocatoria formal. 1,5 puntos.
- Outros recoñecementos outorgados en convocatorias competitivas con xustificación documental (congresos, xornadas de innovación docente...). Entre 0,5 e 1 punto, en función da entidade convocante, e da relevancia do mérito.

Só se valorarán premios debidamente acreditados. Nos casos de premios colectivos, só se valorarán se se xustifica documentalmente a participación activa e relevante.

Praza número: 25/3002

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Comunicación Audiovisual e Publicidade

Departamento: Socioloxía e Ciencias da Comunicación

Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0,25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores/as da publicación e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Os artigos publicados en revistas científicas valoraranse con 2,5 puntos se as revistas están incluídas en Scopus ou na Web of Science.

- Artigo en revista indexada no Q1-Q2 do Scientific Journal Rankings-SRJ ou no Cience Citation Index Expanded-SCIE e Social Sciences Citation-SSCI do Journal Citation Reports-Web of Science: 2,5 puntos.
- Artigo en revista indexada no Q3- Q4 do SRJ e no Q3-Q4 de SCIE e SSCI de JCR-WOS. 2 puntos
- Artigo en revista indexada nos Q1-Q2 do Arts & Humanities Citation Index-AHCI e Emerging Sources Citation Index-ESCI de JCR-WOS. 1,5 puntos
- Artigo en revista indexada nos Q3-Q4 de AHCI e ESCI de JCR-WOS. 1 punto.

Para esta valoración tomarase como referencia o ano de publicación ou, no caso dos artigos máis recentes, o último dispoñible.

Os artigos en revistas indexadas en SJR sen cuartil asignado, valoraranse como Q3-Q4.

Para artigos en revistas indexadas en varias bases de datos terase en conta a posición máis favorable para a puntuación do mérito.

Os artigos publicados en revistas científicas non incluídas en Scopus ou na Web of Science, mais que contén con indicadores de calidade e revisión por pares valoraranse cun máximo de 0,5 puntos se están incluídas noutras bases de datos de referencia para os respectivos ámbitos de coñecemento: Dialnet Métricas. IDR (Índice Dialnet de Revistas) ou selo de calidade FECYT.

A valoración conxunta destes artigos non poderá superar os 5 puntos.

- Artigo en revista indexada no Q1- Q2 de Dialnet métricas ou FECYT. 0,5 puntos.
- Artigo en revista indexada no Q3-Q4 de Dialnet métricas ou FECYT. 0,25 puntos

Para esta valoración tomarase como referencia os datos relativos ao ano de publicación ou de non estar dispoñibles, o ano máis próximo de referencia.

Para artigos en revistas indexadas en varias bases de datos terase en conta a posición máis favorable para a puntuación do mérito.

Praza número: 25/3002

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Comunicación Audiovisual e Publicidade

Departamento: Socioloxía e Ciencias da Comunicación

Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación

Os artigos premiados terán unha valoración adicional de 0,5 puntos.

Na valoración dos artigos en revistas científicas aplicarase un coeficiente multiplicador de 0,5 naquelas publicacións con máis de tres firmantes.

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Libro en editorial situada no Q1 de SPI Comunicación: 5 puntos
- Libro en editorial situada no Q2 de SPI Comunicación ou nos Q1-Q2 do SPI índice xeral: 4 puntos
- Libro en editorial situada en SPI Q3–Q4: 3 puntos
- Libro en editorial non indexada, pero de alto impacto social e/ou uso académico documentado: ata 3 puntos
- Libro en editorial de perfil divulgativo sen uso académico sistemático: ata 2 puntos
- Libro autoeditado ou editorial sen revisión nin recoñecemento acreditado mais con impacto demostrado: ata 1 punto

Capítulos de libro:

- Capítulo en editorial situada no Q1 do SPI Comunicación: 1 punto
- Capítulo en editorial situada no Q2 do SPI Comunicación ou Q1-Q2 do SPI Xeral: 0,75 puntos
- Capítulo en editorial Q3–Q4: 0,5 puntos
- Capítulo en editorial de difusión académica con impacto social (e uso universitario): 0,5 puntos
- Capítulo en editorial divulgativa sen recoñecemento académico explícito: 0,25 puntos

Neste apartado non se avaliarían actas de congreso.

No caso de que haxa máis de tres firmantes aplicarase unha ponderación de 0,5.

Para esta valoración tomarase como referencia o índice SPI do mesmo ano ou posterior ano de publicación.

III.2 Comunicacions en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Praza número: 25/3002

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Comunicación Audiovisual e Publicidade

Departamento: Socioloxía e Ciencias da Comunicación

Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Congreso internacional con comité científico de avaliación e publicación de libro de actas ou resumos. 0,5 puntos por comunicación.
- Congreso internacional con comité científico de avaliación sen publicación. 0,4 puntos por comunicación.
- Congresos nacionais con comité científico e publicación: 0,4 puntos.
- Congresos nacionais con comité científico, sen publicación: 0,3 puntos.
- Seminarios ou xornadas internacionais con comité científico:
 - Con publicación: 0,3 puntos.
 - Sen publicación: 0,25 puntos.
- Seminarios ou xornadas nacionais con comité científico:
 - Con publicación: 0,25 puntos.
 - Sen publicación: 0,2 puntos.

Non se valorarán achegas presentadas en eventos sen comité científico, con aceptación automática ou sen evidencia de revisión académica.

III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Rexistros de propiedade intelectual

- Rexistro oficial de obra audiovisual, guión, formato, contido innovador, ou similares: 2 puntos.
- Rexistro compartido ou obra de menor impacto acreditado: 1,5 puntos.

Desenvolvementos tecnolóxicos

- Desenvolvemento de software, app, plataforma ou ferramenta dixital rexistrada: 2 puntos.
- Desenvolvemento non rexistrado pero con implantación efectiva en proxectos profesionais documentados: 1 punto.

Creación de empresas de base tecnolóxica, spin-off ou startups

- Constitución formal de empresa vinculada a actividade universitaria ou investigadora: 2 puntos.

Praza número: 25/3002

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Comunicación Audiovisual e Publicidade

Departamento: Socioloxía e Ciencias da Comunicación

Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación

- Participación minoritaria ou colaboración documentada en spin-off/startup: 1,5 puntos.

Comisariado ou organización de exposicións, mostras ou festivais

- Comisariado ou dirección de evento de proxección nacional ou internacional: 2 puntos.
- Comisariado ou dirección de evento de ámbito autonómico ou local: 1,5 puntos.
- Participación no comité organizador en eventos recoñecidos: 1 punto.
- Colaboración puntual ou apoio en exposicións ou festivais: 0,5 puntos.

Elaboración de informes técnicos

- Elaboración de informes técnicos para administracións públicas, grandes empresas ou organismos culturais: 2 puntos.
- Elaboración de informes para entidades ámbito menor: ata 1,5 puntos.

Outras actividades singulares de transferencia e divulgación, incluídas, na especialidades de coñecemento segundo o impacto:

- Ata 2 puntos para actividades de alto impacto ou prestixio.
- Ata 1,5 puntos para actividades de impacto significativo.
- Ata 1 punto para actividades de impacto local ou emerxente.

A comisión poderá establecer un coeficiente multiplicador de entre 0,5 e 0,7 en función do tipo de participación da persoa candidata ou o número de persoas implicadas.

Na Coruña, a 28 de abril do 2025

A presidencia da comisión

María Teresa Piñeiro Otero